

## VERBO DO PRIMEIRO DICCIONARIO GALEGO

Takekazu ASAKA

### 1. O DICCIONARIO DE F.J. RODRIGUEZ: OS SUES MOTIVOS.


1.1 O ano 1863 é doblemente significativo porque por unha estraña casualidade coinciden os dous acontecementos importantes para a Lingua e para a Literatura galegas. Por un lado publicase o primeiro Diccionario Galego-Castelán na Coruña, por outro lado os *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro en Vigo.

A cuberta completa da primeira obra reza así:  
*Diccionario Gallego-Castellano*, su autor, el presbítero D. Francisco Javier Rodríguez, ahora difunto, bibliotecario que fue de la Universidad Literaria de Santiago. Dalo a la luz la Galicia, Revista Universal de este Reino, bajo la dirección de D. Antonio de la Iglesia y González. Coruña.

Imp. del Hospicio Provincial, a cargo de D. Mariano M. y Sancho. 1863.

Leva un Prólogo do Director de La Galicia, editora deste Diccionario (p.V-VIII) e unha Introducción (p.IX-X) sen sinatura que parece ser do autor do Diccionario. Segue unha Explicación das abreviaturas más usadas e a continuación o Diccionario Galego-Castelán (p.1 a 132 que é a última).

1.2 Verbo do pensamento do Sr. Rodríguez dinos Antonio de la Iglesia no Prólogo: primero y único en su clase, era de servir al lector una Gramática completa, particular y comparada; que le facilitase la lectura e inteligencia del propio diccionario, y al mismo tiempo le fuese útil para sus adelantos y carrera, precediendo a dicha gramática una razón de la ocasión, causa o motivo, objeto y fin de esta no fácil empresa, siguiéndole una historia de la lengua u habla humana, desde los primeros tiempos de la sociedad hasta nuestros días. Quería que al



Diccionario siguiese un cuadro comparativo y de hermandad entre las voces gallegas, castellanas, asturianas, catalanas, portuguesas, francesas e italianas con la latina, su madre común, para que se pudiese ver con facilidad cuál de estos dialectos se acercaba más a su origen o se le parecía con preferencia. A este cuadro debía seguir un índice o diccionario castellano gallego, para que cualquiera pudiese buscar su definición en su artículo correspondiente. Ideaba completar la obra con algún trozo, de los mejores escritos en gallego, las mil y doscientos coplas compuestas por el Padre Sarmiento y además una pieza políglota. (p. VIII)

Como é doadó de ver este esbozo lembrá moi preto aquel proxecto de Sarmiento de formar un «Diccionario Armónico de las voces vulgares» coas latinas que asoma en moitas das súas obras e lido por F. J. Rodríguez foi admitido coma modelo indiscutible. Esas mesmas tendencias atopan o seu eco na obra de J.M. Pintos; a *Foliada Tercera* da súa *Gaita Gallega*, contén unha lista de preto de 1.600 voces galegas, coa súa procedencia latina, seguindo a orde alfabética.

A orixe latina coma signo de nobreza e antiguedade, é criterio moi importante para Sarmiento, como o é a non contaminación con voces de orixe árabe, ou a meirande proximidade ó latín das voces galegas se compáransen coas correspondentes castelás.

A Introducción, que segue ó Prólogo, escrita en primeira persoa, parece ser obra de F. J. Rodríguez, e nela atópanse descritas as circunstancias que inclináronlle cara á empresa de escribi-lo diccionario. «En el verano pasado de 1850, leyendo en el tomo II del *Correo Literario de la Europa*, vi que a las páginas 80 y 93 se da la noticia de un manuscrito del Padre Sarmiento, en que recomienda la elaboración de un Diccionario de Voces Gallegas, para cuyo objeto había compuesto él mismo, mil doscientas coplas en lengua del país, echándose de ver que el laudable intento de este sabio benedictino, es probar a extraños y patricios, que son muy injustos en depreciarla unos y en olvidarla otros» ... «Animado yo de este ejemplo y recomendación, me dediqué desde entonces a recopilar todas las vóves gallegas que iba compareciendo delante de mi memoria, bien que creyendo sería obra de pocos días y de poco momento; mas con la lectura de algunos libros y folletos, con la observación y conversación, se fue aumentando el número de voces más de lo que yo pensaba, agregándose además, varios que algunos amigos me dieron con su equivalente castellano, y de otras pocas que saqué de las referidas Coplas, que por fortuna he

leído. De modo que llegué a reunir desde luego, más de cuatro mil y trescientas voces, y eso sin salir de Santiago, pues si me fuera posible hacer un viaje detenido por Galicia, es de creer se aumentaría considerablemente aquel y mayor número»(p.IX).

Polo que acabamos de ve-la data da redacción do diccionario pódese colocar entre o «verano pasado de 1850» e o ano seguinte que parece se-la data en que escribe a Introducción. Pero non hai obligación de creer que esta fose escrita despois de acabado o Diccionario, porque ben pudo selo denantes ou xa iniciado. De calquera modo que sexa o bibliotecario compostelán more en 1854, e entre esas diáas datas extremas hai de colocarse a redacción da obra, que, non o olvidemos, non chegou a alcanzar unha forma definitiva, se ben é verdade que cando dinos que acadou reunir 4.300 voces é porque xa figuraba no Diccionario, máis ou menos perfilado.

Dentro do texto do Diccionario recorre a outras fontes, por exemplo, a D.Alfonso, que suponemos sexa o Rei Sabio, a Barcelos, que reférese ó *Nobiliario* do Conde D. Pedro de Barcelos; para establecer paralelismos co castelán antigo menciónase con frecuencia o *Fuero Juzgo*, unha vez a *Lucanor* (sic); outras a Cervantes, *Espectaculo de la Naturaleza* de Peluche(s.v. labaza), Bretón dos Herreros, etc.

Tamén hai que adverti-lo estralo coidado que pon o autor en sinala-la especial satisfacción que cabelle «por ser el primero que dio a luz en Galicia un trabajo de esta especie, pues si de algún escritor se dice haber compuesto el diccionario gallego, de nada sirvió, ni servirá tal vez a nadie su obra, por haberse enterrado o quizá desparecido para siempre»(p.X), sobre todo se téñese en conta que publicouse case ós dez anos de morte o autor.

Denantes de acabar este párrafo queremos lembrar unha advertencia que puxo grandemente no futuro dos diccionarios galegos: «Es de saber que no incluyo en este diccionario, las voces comunes a gallegos y castellanos, sino las puramente gallegas»(p.X). Este principio determinador da galaicidade dunha palabra en función do castelán contribuíu enormemente a esquecer moitos termos comúns e idénticos en ámbalas diáas linguas, e a iniciar unha definición negativa do léxico galego: o que non é igual ó castelán.

## 2. DO MANUSCRITO ó IMPRESO

2.1 A Real Academia Galega garda os apuntamentos manuscritos do Diccionario de Francisco J. Rodríguez conservados entre os papeis dos irmáns Antonio e Francisco María de la Iglesia, que foron legado-la dita institución pola Sra. Eladia de la Iglesia.

A diferencia entre manuscrito e impreso é enorme e compréndese que veraz é a afirmación que sinalou :«sólo una parte, aunque muy apreciable, de su proyecto, fue lo que nos dejó en su diccionario, la que él hubiera corregido sinduda y ampliado aun al tiempo de su publicación, conforme con lo que varias veces le oímos» - di D. Antonio de la Iglesia no seu Prólogo - ainda que non viñera maledicirla la contribución dun e outro.

O texto manuscrito do Diccionario distaba moito da perfección mínima esixida para a imprenta, polo que non comprendemos cómo o bibliotecario compostelán considerábaoo en situación de poder publicarse. Tamén habemos de advertir que supoñemos da autoría de Rodríguez.

Cada letra do Diccionario ofrece tres partes perfectamente diferenciadas: unha primeira, más ou menos rigurosamente alfabetizada, en onde cada palabra ven definida e explicada en castelán; outra, a continuación desta, supoñemos, pois as follas de tamaño cuartilla non están numeradas, que inicia de novo a orde alfabética, e que parecen adicións á primeira, en onde as palabras están, ainda que más brevemente, tamén explicadas; e unha terceira, constituida pola simple enumeración de palabras, en texto a diáis columnas, sen glosa ou explicación algúns. A elas, supoñemos, seguía outra lista, tamén a diáis columnas, contendo todalas palabras pertencentes á letra en cuestión. Na parte inferior e superior de cada columna coloca un número que expresa o da orde no cómputo da totalidade de cada letra. Por exemplo, a letra A ten 201 palabras, a B 110, a C 340, a D 103, a E 234, a F 212, a G 95, a H 34, a I 17, a J 5, a L 157, a M 245, a N 57, a O 74, a P 204, a Q 19, a R 210, a S 145, a T 172, a U 12, a V 76, a X 76, a Y 18, a Z 22.

De todos xeitos dubidamos que o cómputo total de palabra dos tres grupos acadáse as 4.300 voces que di, pois non contamos máis de 3.257.

O labor de Antonio de la Iglesia foi o de uniforme todos estes materiais, organizalo alfabéticamente, defini-las voces que quedaban simplemente enumeradas,

agregar outras, suprimir algunas, e engadir todo o que pareculle oportuno con tal de segui-lo plano que levaba na súa mente o bibliotecario compostelán.

2.2 Unha boa parte dos errores proceden da interpretación dada por A. de la Iglesia á lista de palabras sen definir que na súa meirande parte procedían da lectura do *Comento ou Glosario* das citadas *Coplas*. Nelas listas, froito dunha lectura precipitada desta obra de Sarmiento, incluíábanse toda unha serie de voces que deberon chocar ó apuntador, fosen ou non galegas, populares ou cultas, e ata en elas deslizábanse os posibles errores de transcripción dos amanuenses, ós que engadíronse os da imprenta.

Imprenta : abaifados, abujar, aixoa, amoregar, bofardo, briquiño.

Manuscrito: abaixado, aboujar, airoa, amoxegar, bofordo, brinquiño.

A *carda "nuez"* é gralla de imprenta por *carola* ou *carolo*.

A *carbibá* é gralla debida ó recorte arbitrio da voz *carnaba(dion)* e mal lida coma *carniba(dion)*.

A *casida* de Tournefort tomábbase por voz galega.

O *cerín* que en Sarmiento significaba "borrachera" dábassel o sentido de "pájaro".

Aos *canciles* ou *cangallos* dos bois atribuiaassel o significado de "orujo".

O *carcan* citado coma voz francesa dábase por voz galega.

O *cangorzo*, que era un "palurdo" tornábbase en "discreto".

A *congosa* que cítase coma voz portuguesa adquiría carta de naturaleza galega.

O *cundo* perdeu a sua cedilla pero non o seu sentido e seguiu significando "zurdo".

O *ergaleiron* é unha mala lectura do griego *ergaleion*, que tomase por palabra galega.

O *escarrapuchar* perdeu unha *-r-* ó ser copiado, posto que responde ó *escarrapichar* ou *escarrapuchar* das *Coplas*.

O *fango* é lección deformada por algún amanuense de *tangano*, palabra castalá.

A *filseira* é mala lectura da *fusera* do Bierzo.

O *francado* está por *francada*.

A *frauteira* é fase hipotética precedente do galego *chouteira*.

A voz latino-etrusca *lucumones* supóniase galega.

O *lundio* era errata por *fnundio*.

O *curinar* "escudriñar" en Sarmiento pasou a significar "orinar, mear".

O *auto*, segundo elemento fosilizado en compostos toponímicos coma *Montauto* pasou a facerse sinónimo de "alto, vericuento, mole" e cobrou carta de naturaleza galega; sobre un presente de indicativo de oír, *ouzo* imaxinouse un verbo *ouzar* "oír".

O *planterlo* que Sarmiento coñece coma armadizo para cazar paxaros convértese en "pan tierno o más bien fresco".

A *riora* é errata de *riorta*.

A *rorella* voz da farmacopea latina trátase de facer pasar por galega.

O *salupichar*, é un verbo imaxinario montado sobre salupiche 2 persoa de *salupiche* "acoquinar".

O *sauto*, arcaísmo dos primeiros documentos romanceados, trata de facerse pasar por galego lexítimo.

A *secábera* "salamandra" reproduce infelmente a *sacabeyera* que Sarmiento cita coma o Ferrol.

Os *sesillos* "caracolillos" é voz castelá tomada do Dioscórides de Laguna.

O *solocho* "loco" está polo *zolocho* castelán citado por Sarmiento.

Un *sotrenar* das Coplas glósase coma "perder, economizar, escasear el tiempo" cando en Sarmiento significa "hurtar".

O *travan* "el que ase o agarra", participio de presente de *trabar*, que usa a Biblia Ferrariense tomáse por voz galega.

A *troita* das Coplas ("ouriñar co troita") tomáse por "trucha" en un contexto en que significa "treta".

O *tunumbullo*, deformación humorística de "túmulo" puxoselle a acentuación disparatada *turímbullo*.

O *urro* que era sinónimo de "ralo, paxaro da morte o coruxa" adquire o sentido "bramido bronco do elefante".

A *vanga* "rastro o azadón con dientes" en latín medieval pasou a ser voz galega co significado de "capullo o cajita de la semilla del lino o linaza" e ata creuse que era o nome "de la W doble o vanga".

O neologismo latino *vasifragio* formado para designa-lo xogo das alcancías tomouse por voz galega.

Todos estes exemplos de errores ou erratas, pretendidamente apoiados no testemuño de Sarmiento, constituiron dogma lexicográfico e foron repetidos case sen alteración algúns nos diccionarios posteriores.

Non sabemos por que o impresor prescindiu do acento circunflexo en algunas palabras que presentárono no manuscrito, e que indudablemente trataban de reflexa-la calidade pechada da vocal; por ex. aceso, acô, avô, bôlo, bô, etc., pasaron sen ningún acento: aceso, bolo, bo, ou co acento agudo: acó, avó. Sospeitamos que non foron esixencias tipográficas as que determinaron este feito, porque usáse, non só no impresor o acento grave (por ex. bò, pè, buxèo, cantè, coitelo, convòsco, cròque) sen responder ás grafías do texto manuscrito senón tamén o circunflexo en casos coma côr, dôr, pôr.

### 3. PARA REMATAR:

A referencias ás lingua románicas, portugués e francés, iniciadas por Rodríguez, e que só existían na primeira serie de palabras definidas e más elaboradas, foi completada, repetimos, por A de la Iglesia, pero, tanto autor coma editor, permitíense con ámbalas dousas lingua todo tipo de confianzas. Por ex. as voces con -lh- ou -nh- portuguesas escribiríronse á galega con -ll- ou -nh- sen atende-la ortografía oficial da lingua. O mesmo hai que dicir das palabras francesas trida-la comparación; nelas Rodríguez permitíase todo tipo de arbitrariedades ortográficas, por ex., en «vellez» escribe: «en port. se pronuncia *vellice* y en fr. se pronuncia *vielless*», por só citar un exemplo. A explicación deste proceder reside no desejo de representar unha pronunciación figurada, á que alude as veces cun «en ... se pronuncia».

Hai que notar que o editor arranxou o mellor que pudo algúns destes feitos pero non sempre saíu airoso no seu traballo.